

Avaliación e cualificación

Porcentaxes da cualificación

Exame trimestral: 50 %
Diario Filosófico: 40 %
Interese e participación: 10 %

O que non se cualifica

O COMPORTAMENTO
A PUNTUALIDADE
A ASISTENCIA AS CLASES

Por que?

Porque son aspectos xa regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF)

Pero, inflúen no rendemento académico?

Claro: se non asistimos ás clases, non atendemos e estamos a outras cosas é imposible que escoitemos as explicacións, que tomemos apuntamentos axeitados e que participemos e aportemos á clase, que son aspectos que si se avalían e cualifican.

Como podo saber o que “entra” no exame e canto tempo teño para preparalo?

Na Aula Virtual temos una axenda semanal onde anúncianse as datas dos exames. Tamén na A.V. especifícanse os contidos, puntuación, etc do exame.

E se teño dúbidas?

Podes consultalas na clase, mediante os mensaxes da A.V. e polo gmail da materia.

E o Diario?

Na Aula Virtual temos una axenda semanal onde anúncianse as datas de entrega do Diario. Tamén na A.V. especifícanse os contidos mínimos e puntuación do Diario.

E se teño dúbidas?

Podes consultalas na clase ou mediante os mensaxes da A.V. ou polo gmail da materia.

.....
Tamén podes enviar polo gmail esbozos das disertacións, dos comentarios, dos resumos, etc. para que a profesora oriénteche e solucione as túas dúbidas. Ademais, estas consultas consideraranse mostras de interese.

Como podo ter o 10 % de interese e participación?

Preguntando dúbidas na clase, participando nos diálogos, facendo suxestións sobre temas. Contribuíndo, en suma, á construción da clase de filosofía e da aprendizaxe do alumnado e da profesora.

E se cústame falar en público?

O Diario Filosófico é tamén a ferramenta que permite que expreses o que non dixeches na clase: podes facer suxestións, aportacións, manifestar o que pensas dos temas falados na aula....